# Intervención educativa na aula co alumnado TDA/H

Lidia Gómez Boga



# TDA-H

- Trastorno por Déficit de Atención con ou sen Hiperactividade.

- Trastorno de orixe neurobiolóxica que se caracteriza por tres síntomas clave:
  - **Dificultade para manter á atención**
  - Hiperactividade
  - Impulsividade













# ATENCIÓN

- **Capacidade de aplicar voluntariamente o entendemento** a un obxetivo, tendoo en conta e en consideración
- **Filtro dos estímulos** ambientais, que distingue os máis relevantes daqueles que non o son.
- Mecanismo que **controla e regula os procesos cognitivos;** dende a aprendizaxe por condicionamento ata o razonamento complexo.



# ATENCIÓN

- NECESARIA PARA…
  - Organización e establecimento das prioridades
  - Manexo da frustración e as emocións
  - Autorregulación das accións
  - Lembrar datos a corto plazo
  - Concentración e cambio do obxecto da atención
  - Mantemento do esforzo



# ATENCIÓN
## MANIFESTACIÓNS NA AULA

- No remata as tarefas que comenza.
- Comete moitos erros.
- Non se centra nos xogos.
- Moitas veces asemella non escoitar cando se lle fala directamente.
- Ten dificultades para organizarse.
- Evita as tarefas que requiren esforzo.
- Acotío perde cousas que precisa (xoguetes, material escolar, roupa…).
- Distráese con calquera cousa.
- É moi descuidado nas actividades.

# TDA-H

- Trastorno por Déficit de Atención con ou sen Hiperactividade.

- Trastorno de orixe neurobiolóxica que se caracteriza por tres síntomas clave:
  - Dificultade para manter a atención
  - **Hiperactividade**
  - Impulsividade



# HIPERACTIVIDADE

- Alteración da conduta que consiste na imposibilidade de ficar quedo.
- Supón un estado de **continua actividade e movemento**, incluso durante o sono.
- Algúns síntomas:
  - Correr dun lado a outro en exceso.
  - Gavear aos mobles.
  - Imposibilidade de ficar sentado.



# HIPERACTIVIDADE
## MANIFESTACIÓNS NA AULA

- CONDUTA HIPERACTIVA
  - Movementos constantes de mans , pes…
  - Érguese constantemente.
  - Corre por todos lados.
  - Cústalle xogar a actividades tranquilas.
  - Está activado como se tivera un motor.
  - Fala moito, en exceso.

# TDA-H

- Trastorno por Déficit de Atención con ou sin Hiperactividade.
- Trastorno de orixe neurobiolóxica que se caracteriza por tres síntomas clave:
  - Dificultade para manter a atención
  - Hiperactividade
  - **Impulsividade**











ANHIDA CORUÑA



# IMPULSIVIDADE

- Tendencia a reaccionar, tomar decisións, etc., de forma inmediata e **sen reflexión**, é decir, sen tomar en consideración as consecuencias.
- Implica **condutas que son inaxeitadas** para o contexto, prematuras, pobremente planificadas e, frecuentemente, con consecuencias adversas.
- **Incapacidade para** avaliar e, consecuentemente, **adaptarse** e responder con flexibilidade na consecución dun obxectivo específico ou consecuencia, **nun entorno cambiante.**



# IMPULSIVIDADE
## MANIFESTACIÓNS NA AULA

- CONDUTA IMPULSIVA
  - Precipítase en responder antes de que se fagan as preguntas completas.
  - Ten dificultades para gardar a quenda.
  - Acotío interrumpe ou métese nas actividades doutros (conversaciónS, xogos…)
  - Fala alto e a destempo
  - Non atende ás instrucións para facer unha actividade
  - Dificultade para respectar e seguir as normas



# IMPULSIVIDADE

- http://www.wambie.com/juegos/juego/EL_HOTEL_DE_JANE-juego-127.html

- Carreira de caracois
- Mandalas: http://orientacionandujar.wordpress.com/fichas-mejorar-atencion/#manda
- Técnica da tartaruga
- Relaxación
- …

ANHIDA CORUÑA

# CONSECUENCIAS

- ALUMNO/A
  - Baixo rendemento académico/fracaso escolar
  - Frustración e baixa autoestima
  - Problemas nas relacións sociais
  - Castigos-reprimendas
  - Comportamento rebelde
  - Propensión a comportamentos compulsivos e aditivos
- PROFESORADO/COMPAÑEIROS CLASE
- FAMILIA

# Manifestacións na aula

- CONDUTA
  - Interrompe
  - Móvese
  - Distrae aos compañeiros
  - Contesta ao profesorado...
- ATENCIÓN/CONCENTRACIÓN
  - Non atende
  - Non remata as tarefas
  - Non é quen de estar máis duns minutos coa mesma tarefa
  - Parece que non se esforza

# Manifestacións na aula

- DEBERES
  - Non fai/fai a medias
  - Non trae o material necesario
  - Non entrega a tempo
  - Non sabe datas
- AUTOESTIMA
  - Son tonto
  - Non valgo
  - Total, aínda que estude…

# Manifestacións na aula

- ORGANIZACIÓN
  - Pupitre desordenado
  - Mochila desordenada
  - Libreta sucia, desorganizada, rota…
- ESTUDA, PERO…
  - Non remata os exames
  - Non completa as respostas
  - Deixa preguntas en branco

# O PAPEL DO DOCENTE

- Cal é a miña metodoloxía habitual na aula?
- Que cambios podería facer?
- ¿Cales son os principais campos de intervención para atender as necesidades educativas?

# CAMPOS DE INTERVENCIÓN

- Estratexias didácticas
- Organización do traballo:
    - Libreta, mochila, pupitre e materias
    - Autoinstruccións
    - Espacios e tempos
    - Axenda/ información ás familias
- Dificultades de comportamento
- Dificultades de interacción social
- Autoestima

# TRABALLO/ACTIVIDADES

- Material atractivo, con predominio de **contido visual.**
- **Combinar** curtos **períodos** de atención con acción manipulativa.
- **Combinar diferentes formatos ou tipos de actividades**.
- Dar máis tempo para a realización das actividades ou reducir o número **"menos é máis".**
- Actividades **curtas e secuenciadas,** contemplando a posibilidade de que poida moverse pasado un tempo determinado.
- Actividades **axustadas ás súas capacidades.**

# PARA APRENDER MELLOR

## CUESTIÓNS DIDÁCTICAS

- **Estratexias de reflexión** (Técnica STOP: paro, miro, decido, sigo, repaso).
- **Técnicas de estudo:** esquemas,subliñado,resumos, formato examen, guías de estudo…
- **Repetición de instrucións** por parte do profesor/a. **(autoinstruccións)**
- Utilizar diferentes canles sensoriais, pero evitar o exceso de estimulación.
- **Manter contacto visual.** Reconducir a súa atención con algunha sinal non verbal.

# PARA APRENDER MELLOR

## CUESTIÓNS DIDÁCTICAS

- Explicacións que resulten motivadoras, dinámicas e que permitan a máxima participación do alumnado.
- **Órdenes/instrucións precisas e claras** nunha linguaxe positiva.
- **Asegurarse** realmente de que a instrución ou mensaxe **entendeuse**.Como??

# Na  aula :o espazo

- **Evitar estímulos distractores** que estén situados preto do alumno/a (murais, fiestras...).
- Ubicación na clase nas **primeiras filas**, preto do docente e a **carón de nenos tranquilos.** Ofrecer un entorno estruturado, con lembranzas e  repeticións ...
- Utilizar unha **pequena pizarra,** nun lugar visible, para anotar datas de controles, entrega de traballos e tarefas diarias que deben anotarse na axenda.
- **Delimitar espazos segundo a actividade realizada**: traballo individual, de grupo, traballo manipulativo, actividade máis lúdica que requira menos atención…
- **Adaptación do espazo individual.**

# Na aula: o tempo

- **Deixar tempo** para que copien o que se anotou. Esta información deberá estar **sempre** accesible ao alumnado. Incluso en educación secundaria.
- Procurar **anticiparse ás novidades.** É positivo chamar a atención sobre os cambios de horario e sobre calquer variación da rutina.
- **Intercalar tempos de atención** con actividades manipulativas.
- Establecemento de **rutinas** que lle axuden a diferenciar os tempos nos que debe manter a atención.

**"Atención, atención**

**que a profe está en acción"**

# ORGANIZACIÓN DO TRABALLO




- Entrenamento en **autoinstrucións.**
  - 1º.- Antes de facer nada, digo o que vexo.
  - 2º.- ¿Qué é o que teño que facer?
  - 3º.- ¿Cómo o teño que facer?
  - 4º.- Teño que estar moi atento.
  - 5º.- Saíume ben?
    - SÍ, felicítome!!
    - Non ☹, repaso para atopar o erro.

# Autoinstrucións para as dificultades no grafismo

- 1. Estou ben sentado?
- 2. Teño o papel na posición axeitada?
- 3. Collo o lapis correctamente?
- 4. As ringleiras, ¿están en línea recta?
- 5. As letras, ¿teñen o mesmo tamaño? Enténdense?
- 6. ¿Deixo espazo suficiente entre as palabras e as líneas?
- 7. Manteño as marxes?
- 8. Canción de escribir ben "Cojo bien el lápiz, apoyo la mano, no piso la raya y dejo siempre espacio"

# PLANIFICO:
# Recordatorios visuais

* ¿Comprende a súa utilidade?

* Axenda adaptada, visual e pautada



axenda




calendario



Comproba!!

DOBLE VÍA



# PARADA DE DOUS MINUTOS



# Dificultades de comportamento

- A súa peculiar conduta **pode ocasionar a incomprensión e alonxamento dos seus compañeiros.** Por tanto; si o neno se siente rexeitado pode incrementar algunhas das súas condutas negativas.
- Explicación aos outros das características deste compañeiro. Alumno/guía, compi monitor, figura de mediadores…

# Ás veces sinto que non podo máis…







ANHICLA CORUÑA

# Posibles detonantes

- **Tarefa difícil** ou **monótona**.
- Traballo nun **período prolongado de tempo**.
- **Pouco control** (patios, cambios de aulas…)
- **Rómpense rutinas**.
- **Castíganse** comportamentos que **non pode controlar** (movemento en exceso).
- Só se lle **recordan os erros**.
- **Non se lle respecta** (gritos, ameazas, etiquetas…).
- **Non sabe o que se espera del**. Poñenos exemplos reais

# AS NORMAS

- **Participación do alumnado**.
- **Normas claras e precisas.**
- **Poucas e específicas**. "Portarse ben"
- Manter **unidade de criterios**.
- **Apoios visuais**
- **Prohibido prohibir**: linguaxe afirmativa que incentive.
- Pactar **sinais privadas.**
- **Mestre/a como modelo**
- **Flexibles:** evolucionan co tempo e co grupo.

# Técnicas de modificicación condutual

## Técnicas condutuais (administran reforzos)

- Reforzo positivo/negativo
- Economía de fichas
- Custo de resposta
- Tempo fóra
- Extinción

## Técnicas cognitivas (entrenan pensamento reflexivo, autoreflexión e autoreforzo)

- Autoinstrucións
- Detección do pensamento
- Autocontrol

# *Técnicas cognitivas*

- **Autoinstrucións**: verbalizacións internas dirixidas a guiar a propia conduta.
- **Detención do pensamento**: identificar pensamentos ou emocións negativas e dar un sinal para detelos. ***(Elena y el camino azul)***
- Entrenamento en **autocontrol**:
  – Relaxación.
  – Aplazar resposta (contar ata 10).
  – Técnica da tartaruga. https://www.youtube.com/watch?v=PtBi9BVLD6o
  – Situacións ou condutas incompatibles co enfado.

# A economía de fichas

- ✓ **Definir a conduta que se quere conseguir**.
  → OBXECTIVO: *Recoller os xoguetes despois de usalos.*

- ✓ **Coherencia** entre o esforzo e o premio.

- ✓ Explicarlle o procedemento, **asegurando que o entende.**

- ✓ **Permitir posibilidades de acadar o premio.**

- ✓ **Ser consecuente.** Non dar puntos extra/penalizar por condutas non pactadas.

# A ter en conta na economía de fichas...

1. Os puntos otórganse por **condutas que custan un esforzo.**

2. Os puntos son **individuais para cada neno/a**

3. **Evitar** plantexar puntos pola mesma conduta como unha **competencia entre compañeiros/as.**

5. Os premios deben **extinguirse pouco a pouco**:

6. Os puntos gañados por unha boa conduta **non poden quitarse por unha mala conduta.**

Fegadah

Federación Galega de Asociacións de Déficit de Atención e Hiperactividade

http:enlacesenclaseabertodos.blogspot.com

| CONDUCTA-NORMA | LUNES | MARTES | MIÉRCOLES | JUEVES | VIERNES | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Me siento correctamente. | ☺ | ☺ | ☹ | ☺ | ☺ | 4 ☺ 1 ☹ |
| Obedezco a la maestra. | ☺ | | | | | |
| No insulto a mis compañeros-as ni maestra. | ☺ | | | | | |
| No grito a mis compis y mi maestra. | ☺ | | | | | |
| Trabajo en clase. | ☺ | | | | | |
| Traigo la tarea hecha. | ☹ | | | | | |
| Cuido mi material escolar. | ☺ | | | | | |
| TOTAL | ☺ | | | | | |

☺ ☺ ☺ ☺ ☺ ☺ ☺ ☺ ☹ ☹ ☹ ☹ ☹ ☹ ☹ ☹

La seño Vanespecial

# Debuxa o teu camiño azul....



# Estimular o social

* Os momentos máis difíciles serán os menos estructurados e sociais.

* Importante a figura do MEDIADOR

* Crear situacións de xogo semiestruturadas: explicar/propoñer un xogo, comezar con eles, manterse de observador, xogos co compañeiro-monitor,…

* Iniciar proxectos: Ex. "O patio en xogo"

* Motivar o sentimento de GRUPO-CLASE



# OLA! …Eu son…


AIR LINE
SYDNEY
WASHINGTON, D.
NEW YORK
LONDON
A DECK
KEY WEST
BOILING SPRINGS

# Unha pequena reflexión…

- Que é a autoestima?

- Como consideras que será a autoestima do alumnado tdah?

*LEMBRA!*

**LINGUAXE NON VERBAL → 55%**
**TON de voz → 38%**
**PALABRAS → 7%**

# Pautas da comunicación non violenta:

- **Evite a linguaxe estática** (bo/malo, correcto/incorrecto).
- **Non compare.**
- **Evite sentenzas** (debe, debería, ten que...).
- **Evite xuízos** (maleducado, vago, arrogante…).
- **Evite palabras radicais** (sempre, nunca,todo, nada...).
- **Sexa amable, firme e claro.**



- **substituír o verbo *“ser”* polo *“estar*”**

  – A **escoita activa** e a **empatía:** reflexar necesidades da outra persoa.

  – **Mensaxes Eu**: “eu síntome así cando ti fas…”

  – **Técnica do sándwich.**

# Técnica do sandwich

- **Eloxio + o que queremos cambiar + eloxio**

**1.** Comezar cun exemplo positivo de conduta ou dalgo que fixo (eloxio).
Sabes que estou moi orgullosa de…

**2.** Petición de cambio de conduta.
Substituír "pero" por "de todos modos", "non obstante", "aínda así"…

**3.** Rematar dicindo algo positivo da súa conduta ou identidade.

# PAUTAS

- **Pregúntalle** como podes axudalo/a.
- Sitúao **cerca**.
- **Repite** as instrucións: **claras, específicas e breves**.
- Establece **contacto visual** frecuente con el/ela.
- Fai bromas, **innova**.
- Ten unha axenda de actividades que sexa **predecible**.

# A AUTOESTIMA

- Usa o **feedback**: dálle información do seu comportamento a cada momento, para que se autoobserve e corrixa.
- Busca os **logros e esforzos** tanto como sexa posible.
- **Eloxia**, **reforza**, con premios materiais pero sobre todo sociais.
- **Anticipa**: anuncia o que vén despois antes de facelo ou dicilo.
- **Simplifica** a información.

## A AUTOESTIMA

- Usa o **contacto físico** non ameazante para comunicarte con el/ela. Establece vínculos afectivos co neno/a.
- Establece un **sinal privado** para reconducir condutas non apropiadas.
- Conta con el/ela para resolver conflitos e situacións problemáticas e **involúcrao** na toma de decisións.
- Dálle responsabilidades. **Confía** nel/nela.
- Ensina a que aprenda a **autoevaluarse** e premiarse cando o faga ben.

# AUTOESTIMA

- ¡Qué raro que te hayas olvidado algo!
- ¡No tienes remedio!
- ¡Me tienes harta!
- ¡Eres un desastre!
- ¡Tu mochila da asco!
- Yo ya no me voy a esforzar más por ti si tú no haces nada
- ¡Eres un vago!
- ¡Pasa delante de mi que no te quiero ni ver!
- No hace las cosas bien porque no le da la gana
- No apruebas porque no te pones
- Esa letra es horrible, arranca la hoja y repítelo
- "Muchas altas capacidades, pero de geometría no tienes ni idea"
- "Ya estás tú con tus ideas de bombero, que no tienen nada que ver con lo que estamos hablando"

# PARA CONSEGUILO
# É PRIMORDIAL

- A FIGURA DO **TITOR/TITORA**
- TER UNHA PERSOA DE REFERENCIA
- CREAR UN VÍNCULO POSITIVO É ESENCIAL PARA UNHA MELLOR ADAPTACIÓN E APRENDIZAXE
- COMUNICACIÓN CONSTANTE, FLUIDA E PERIÓDICA
    - Profesorado especialista, PT e AL-Titor-Orientador
    - Familia
    - Apoios externos









# Funcións do/a P.T

- Donde apoiar? Dentro ou fóra
- Como? Individual, pequeno grupo, gran grupo
- Cándo? Antes, durante, despois…
- Que apoiar?

✓ Cooperar na realización das ACs e do R.E

✓ Creación e adaptación de materiais, tempos, espazos…

✓ Axudar con novas estratexias metodolóxicas, novos agrupamentos, desdobres, actividades cooperativas…

✓ Apoio individual do alumnado.

✓ Apoio ao profesorado á hora de realizar calquer actividade

ANPE CORUÑA

*Conta a lenda…*

*que na actualidade, en case todas as aulas, de todos os coles e institutos do  mundo existe un tipo moi peculiar de alumnado aos que alguén lle deu por chamar…*

*TDA-H*

# *Contan que…*

*este alumnado non é así porque quere, que existen diversas razóns que propician estes comportamentos…*

# *Moitas veces…*

*O profesorado cansa e perde a paciencia; porque basta ter un so alumn@ con TDA-H pululando pola aula, interrumpindo a profes e compañeiros, para que ao docente lle resulte difícil facer ben e con tranquilidade o que máis lle gusta no mundo: ENSINAR.*

# *Por sorte…*

*existen unhas estratexias máxicas que poden axudar a solucionar isto. Pero atención…, para que a maxia funcione, é como as fadas, hay que crer  nela.*



- Pacta con el unha sinal privada, para que non se lle escape nada

- Para evitar o enfrentamento…muda o teu planteamento.

# CONXUROS MÁXICOS

- Pacta con el unha sinal privada, para que non se lle escape nada

- Para evitar o enfrentamento…muda o teu planteamento.

# CONXUROS MÁXICOS

Enriba da mesa,
só o que nos interesa!!!!!

Aínda que clásico, sigue sendo moi cuco,
O TRUCO DO ALMENDRUCO!!!!

# CONXUROS MÁXICOS

Non fai falla  poñer medallas,

pero sin dar un mimo non te vaias.

Que non sexa sempre aos mismos,

cambia os tus mecanismos.

Reforzo positivo para a clase en xeral

cando non se portaran mal.

Resume e vaite ao grano,
que senón non me empano.

Cando me riñes non podo estar atento,
explícamo noutro momento.

# *Interioriza estos conxuros*

e tenos presentes mentras preparas a poción para conseguir un clima favorable nas túas clases:

- Una culleriña de **empatía**
- Unhas gotas de **comprensión**
- Unha presa de **paciencia**
- Un feixe de **bo humor**

**…e colorín , colorado…**



# MOITAS GRAZAS POLA VOSA ATENCIÓN!

lgboga@edu.xunta.es